



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tributación

Materia	Tributación			
Código	V03G100V01907			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	González Martínez, José Manuel			
Profesorado	González Martínez, José Manuel			
Correo-e	xmgzlez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Tributación é unha materia optativa que se imparte no segundo cuadrimestre do cuarto curso do Grao de Economía. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales 60 son actividades presenciais, mentras que o resto serán actividades non presenciais			

### Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C3	Coñecer o marco institucional da economía
C7	Comprender o entorno empresarial
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
C12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
D2	Capacidade de traballar en equipo
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir coñecementos básicos para entender o papel que desempeña a fiscalidade no funcionamento da economía	A2	C3 C7	D7
Desenvolver habilidades de procura, uso e comprensión da normativa tributaria vixente e obtención de información estatística relacionada coa fiscalidade		C8	
Entender os efectos da tributación sobre as distintas fontes de renda: traballo, capital, actividades empresariais.	A2	C9 C12	
Fomento da capacidade de traballar en equipo buscando achegar as mellores solucións tributarias.		C9 C12	D2
Xustificar e defender as decisións adoptadas en materia de tributación mediante estudos de caso		C9 C12	D5

### Contidos

Tema	
Parte I: Introducción ao Sistema Fiscal	Os obxetivos básicos. A organización da materia, o método de traballo e a súa avaliación.
Tema 1: Obxetivos e metodoloxía da materia.	
Tema 2: Caracterización do sistema fiscal español	O papel dos impostos na realidade económica. Composición do Sistema Fiscal. A fiscalidade como variable de decisión.
bases para a fiscalidade empresarial e persoal	

Parte II: O imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Tema 3: Introducción ao IRPF	Elementos básicos do Imposto: contribuinte e unidade familiar, rendas suxeitas e exentas, período impositivo
Tema 4: Rendas das Persoas Físicas	Rendas do Traballo e do Capital, Ganancias e Perdas Patrimoniais. Notas para o asesoramento fiscal
Tema 5 : Renda de Empresarios e Profesionais	Elección do réxime de estimación da renda. Determinación da renda en Estimación Directa e Estimación Obxectiva. Notas para o asesoramento fiscal. Pagos Fraccionados.
Tema 6: Liquidación do IRPF	Integración e compensación das rendas, mínimo persoal e familiar, determinación da cota íntegra, deducións. Notas para a planificación fiscal e proceso liquidatorio.
Parte III: O imposto sobre sociedades. Tema 7: Introducción o imposto de Sociedades	Elementos básicos do imposto: Contribuíntes, Resultado Contable e Base Imponible. Período impositivo, imputación temporal de ingresos e gastos
Tema 8: Operacións determinantes da base imponible	Gastos non deducibles. Amortizacións do Inmobilizado. Arrendamento Financeiro. Deterioración de Valor e Transmisións Patrimoniais. Notas para o asesoramento fiscal.
Tema 9: Liquidación do *IS	Deduccións, pagados a conta e proceso liquidatorio. Notas para a planificación fiscal

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	20	0	20
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	20	20
Prácticas autónomas a través de TIC	0	15	15
Prácticas en aulas de informática	30	0	30
Estudo de casos/análises de situacións	0	45	45
Probas de tipo test	0	10	10
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	5	0	5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión inicial na que o docente presentará o contido e obxectivos da materia así como a metodoloxía de traballo e os sistemas de control e avaliación.
Sesión maxistral	En cada sesión, o docente presentará as cuestións máis relevantes de cada tema. Formulará a metodoloxía a seguir para interpretar as consecuencias e os efectos económicos da norma tributaria e resaltará a súa aplicación práctica
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Despois de cada sesión maxistral o/a alumno/a deberá profundizar de xeito autónomo nas cuestións expostas consultando as referencias bibliográficas, accedendo as fontes de información e a páxina web da Axencia Tributaria. Tamén se lles facilitará exercicios resoltos para axudar a situar o enfoque práctico de cada tema.
Prácticas autónomas a través de TIC	Cada semana, despois da sesión maxistral, abrirase un prazo para responder a un formulario práctico dixital (de resposta curta ou test) na plataforma Faitic. Trátanse de actividades non presenciais que posibiliten o seguimento e avaliación do/a alumno/a e o seu proceso de aprendizaxe.
Prácticas en aulas de informática	As sesións prácticas en aula de informática consistirán na resolución dun caso práctico empregando as aplicacións informáticas e programas de axuda que facilita a Axencia Tributaria. Para o seu desenvolvemento os alumnos disporán previamente do enunciado na Plataforma Faitic.
Estudo de casos/análises de situacións	En cada sesión proporanse casos a estudar en grupos reducidos (máximo 3 alumnos) conformados ao comezo de curso. Cada grupo deberá comentar, resolver e defender os casos expostos. Os alumnos disporán previamente dos enunciados dos casos a través Faitic e deberán elaborar unha primeira proposta de solución xustificada que deberá ser entregada a través de Faitic antes do desenvolvemento da sesión presencial.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Farase un seguimento individualizado dos resultados obtidos e das dúbidas xurdidas nos estudos de caso

Prácticas en aulas de informática Os/as alumnos/as resolverán de xeito individualizado casos prácticos nas aulas informáticas empregando os programas da Axencia Tributaria (Programa PADRE e Programa PADIS)

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudo de casos/análises de situacións	A entrega das propostas de solución dos estudos de caso avaliarase conxuntamente cas probas tipo test. Será necesario ter entregado alomenos 6 propostas de solución para obter puntuación nas probas tipo test.	0	C8 C9 C12	D2 D5 D7	
Probas de tipo test	Este apartado puntuarase cun máximo de 3 puntos. Para obter puntuación nestas probas tipo test será necesario que o grupo ó que pertence cada alumno teña entregado alomenos 6 propostas de solución dos estudos de casos prácticos.	30	C8 C9 C12	D2 D5 D7	
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O rematar a Parte II (IRPF) e a parte III (Sociedades) do programa da materia, en dúas sesións presenciais, o alumno/a resolverá de forma individualizada sendos estudos de caso no que se avaliará o nivel de coñecemento acadado ata ese momento. A proba de IRPF valerá 4 puntos e a de Sociedades 3 puntos	70	A2 C3 C7 C12	D5	
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Rematada aa docencia presencial, aqueles alumnos que non teñan superada a materia por avaliación continua deberán realizar unha proba escrita que consistirá na resolución de casos prácticos de liquidación de IRPF e de IS.	0			
Esta proba final avaliarase cunha puntuación máxima de 10 puntos					

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Nesta asignatura realizase unha avaliación continua do traballo realizado polo alumno/a. Para superar a asignatura por esta vía é necesario obter alomenos o 50% dos puntos en xogo en cada unha das probas de avaliación continua propostas (probas tipo test, Proba IRPF e proba IS).

Si un alumno/a non participa na resolución dos estudos de casos prácticos, non fai os test ou non se presenta a calquera das probas (proba IRPF ou Proba IS) deixará de ser avaliado en avaliación continua. Tambien deixará de ser avaliado neste formato si non acada alomenos un 25% da nota en xogo en cada unha das probas (probas tipo test, Proba IRPF e proba IS).

Aqueles alumnos/as que non teñan superada a materia en avaliación continua terán a opción de presentarse a un examen final. Este examen valerá o 100% da nota e a calificación obtida substituirá as notas da avaliación continua.

En caso de non presentarse, a nota será a obtida na avaliación continua

A data dos exames pode consultarse en <http://fccee.uvigo.es/calendario-exames-201415.html>

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **BIBLIOGRAFIA BASICA:**

Selección de Lexislación de IRPF e Imposto de sociedades.

Esquemas básicos e supostos prácticos. Material entregado na Plataforma Thema (Faitic)

Agencia Tributaria. Manual Práctico IRPF y Manual Práctico Sociedades. Ediciones actualizada.

Bellido Lage, María y Villanueva Viguer, Angela : Supuestos Prácticos de Tributación. Editorial Tecnos. (edición mais actualizada)

Gabinete Jurídico del Centro de Estudios Financieros: Impuesto sobre la renta de las personas físicas. Casos Prácticos. Madrid:

Editorial CEF. Edición actualizada.

##### **BIBLIOGRAFIA COMPLEMENTARIA**

Díaz Arias, José Manuel: Ley comentada del Impuesto sobre Sociedades. Concordada, jurisprudencia, consultas tributarias y doctrina. Barcelona: Editorial Deusto. Última Edición.

Pla Vall, Ángeles y Salvador Cifre, Concha : Impuesto sobre Sociedades. Régimen general y empresas de reducida dimensión.

Valencia: Ed. Tirant lo Blanch. (edición mais actualizada)

Memento Práctico Fiscal. Madrid: Ediciones Francis Lefebvre. Edición actualizada.

#### **DIRECCIONES DE INTERNET SOBRE FISCALIDADE**

Agencia Tributaria ([www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es))

Instituto de Estudios fiscales ([www.ief.es](http://www.ief.es))

Instituto Nacional de Estadística([www.ine.es](http://www.ine.es))

Estadísticas da OCDE (<http://stats.oecd.org/Index.aspx?DataSetCode=REV>)

---

#### **Recomendacións**